



REGULAMENTO “CORRE A ESTRADA CORRE”

1.- INTRODUCCIÓN.

Neste ano 2015 celebrarase a III edición do Circuito de Carreiras Populares Concello da Estrada “**CORRE A ESTRADA CORRE**”, que agrupa dun xeito organizado as carreiras populares que se disputarán o longo deste ano 2015 no noso concello. A maiores das probas xa coñecidas e que formaron parte das dúas primeiras edicións, o Cross Rio Liñares, a Nocturna Estradense e o Memorial Manuel Bergueiro, este ano incluímos una proba nova: a Cronoescalada AEstradaVertical, polo que serán catro as probas puntuables para o Circuito.

O obxectivo deste circuito de carreiras populares é poñer o alcance de toda a poboación esta actividade físico-deportiva e fomentar ca súa práctica hábitos de vida saudables.

O **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”**, está organizado polo Concello da Estrada, iniciárase o día 14 de Marzo de 2015 e rematará o día 4 de Outubro de 2015.

Dentro do noso Concello aínda haberá unha carreira máis, que será a V San Silvestre Estradense o día 31 de Decembro. (1.609 metros), pero mantén o seu carácter lúdico non competitivo, polo que non está incluída no circuito.

2.- CARREIRAS.

As carreiras que forman parte do **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”**, son as seguintes:

1. **IV Cross Rio Liñares.** Sábado 14 de Marzo. (9.000 metros). Carreira que se celebrará nun circuito na Praia fluvial na modalidade de cross. Todas as categorías.
2. **I Cronoescalada AEstradaVertical.** Domingo 26 de Abril. (2.000 metros). Carreira que se terá a saída na parroquia de Aguíóns e a chegada na Praza da Feira. Solo Categoría senior.
3. **IV Nocturna Estradense.** Venres 26 de Xuño. (7.500 metros). Carreira que se celebra nun circuito urbán, de noite e nas Festas Patronais de San Paio. Todas as categorías.
4. **V Memorial Manuel Bergueiro.** Domingo 4 de Outubro. (9.800 metros). Carreira que se celebra nun circuito urbán, con saída e meta na praza do concello. Todas as categorías.

A organización do III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”, pode variar as datas de celebración das probas por motivos técnicos e, excepcionalmente poderanse suspender

3.- PARTICIPACIÓN E CATEGORÍAS.

Poderán participar todos aqueles corredores que así o desexen e para poder optar a algún dos premios, será **condición indispensable** ter rematado as catro carreiras. O **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”** so contará con tres clasificacións: xeral masculina, xeral feminina e familiar, e puntuarán para o III Circuito os atletas nados en 1998 e anos anteriores,

independentemente das categorías que poida establecer cada carreira. Aqueles participantes nados despois do ano 1997 desexen competir na proba absoluta e así participar no circuito tamén o poderán facer.

Unha vez comezado o **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”**, non se poderán realizar cambios nos equipos familiares, tendo o atleta que rematar o circuito co equipo elixido na súa inscrición o mesmo. A organización reservase a potestade de cambiar os percorridos definidos, probas convocadas ou modificar o regulamento, circunstancias que serán comunicadas ós participantes ca suficiente antelación.

As reclamacións ós resultados oficiais de cada carreira, deberán formularse verbalmente á Organización do **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”**, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da RFEA en vigor para cada caso. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

A descalificación dun atleta do **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”**, supón a perda de todos os puntos colleitados nas carreiras nas que participara dito atleta, tanto na clasificación individual como na clasificación familiar, non optando os premios existentes.

Serán motivo de descalificación:

- Correr co dorsal ou chip doutra persoa. Serán descalificados ambos.
- Participar con máis dun chip. Serán descalificados ambos.
- Non estar inscrito na proba e participar na mesma con chip.
- Realizar a inscrición alterando os datos.
- Non atender as indicacións da organización.
- Manifestarse con conducta antideportiva e/ou contra o medio

4.- CLASIFICACIÓNS.

As clasificacións do **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”** e os seus premios serán para aqueles que se inscriban o circuito e na totalidade das probas dende un principio. Os participantes que participen en todas ás probas, pero anotadas individualmente en cada unha delas non optarán ós premios do **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”**

Individuais:

A puntuación de cada atleta, corresponderase co posto de chegada na clasificación correspondente a súa categoría. Cada atleta sumará os mesmos puntos que a súa clasificación na proba que participa. (exemplo: 4º clasificado no IV Cross Rio Liñares=4 puntos).

O vencedor de cada categoría será o atleta con menor suma de puntos, así como o vencedor do **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”**. En caso de empates teránse en conta:

1. O maior número de mellores postos clasificatorios.
2. A maior distancia en kilómetros percorridos.

Familiar:

Considerase unidade familiar a aqueles na seguinte liña de parentesco: avós, pais e netos. Non se consideran curmáns nin outros familiares.

Para que un equipo familiar puntúe nunha proba, será preciso que finalicen a proba **polo menos dous atletas** da unidade familiar independentemente do sexo.

Coma na categoría individual, cada integrante do equipo obterá os mesmos puntos que o posto

realizado, e dicir, o primeiro un punto, o segundo dous, o terceiro tres e así sucesivamente, dentro da categoría na que compita.

A puntuación do equipo familiar nesa carreira será o resultado de sumar os puntos alcanzados polos seus integrantes na súa categoría, dividido polo número de atletas do equipo familiar participantes na proba; para o caso de participantes en idade Pitufos, a puntuación será por participación xa que non haberá clasificación (cada pitufo participante puntuará “-1” en cada carreira). Según o comentado anteriormente, os participantes na categoría de pitufos, computan restando un punto sexa cal sexa a súa clasificación.

O vencedor da clasificación familiar será o equipo con menor suma de puntos, e en caso de empates teránse en conta:

1. O maior número de participaciones individuais nas carreiras.
2. O maior número de mellores postos clasificatorios.
3. Equipos mixtos ou femeninos sobre equipos masculinos.

5.- INSCRICIÓNS.

Os que queiran competir no circuito:

O atleta que queira estar incluído no circuito deberá abonar 3,50€ por adquirir o chip de zapatilla que utilizará en todas as carreiras do circuito, quedando en propiedade de éste ó seu remate, sen necesidade de devolvelo. A maiores, a inscrición no circuito terá un coste de 12€.

Os que non queiran competir no circuito:

Se o participante non quere estar incluído dentro do circuito, a inscrición de cada carreira de forma independente terá un coste de 4€. O aluguer do chip é gratuito, pero deberase devolver obrigatoriamente unha vez rematada cada carreira.

As inscricións faranse a través da web www.emesports.es . Alí tamén amosaranse os listados de participantes xa inscritos tanto en cada carreira de forma independente como no circuito e as clasificacións.

A inscrición das categorías base (junior a pitufos), será gratuita e farase nos puntos de información habilitados para iso en cada carreira.

6.- PREMIOS.

Acadarán premio os cinco primeiros clasificados nas tres categorías existentes (xeral masculino, xeral feminina e familiar) no **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”**, e serán os seguintes:

	CLASIF. XERAL MASCULINA	CLASIF. XERAL FEMININA	CLASIF. XERAL FAMILIAR
1º	TROFEO+200 € (MATERIAL DEP.)	TROFEO+200 € (MATERIAL DEP.)	TROFEO+250 € (MATERIAL DEP.)
2º	TROFEO+150 € (MATERIAL DEP.)	TROFEO+150 € (MATERIAL DEP.)	TROFEO+200 € (MATERIAL DEP.)
3º	TROFEO+125 € (MATERIAL DEP.)	TROFEO+125 € (MATERIAL DEP.)	TROFEO+150 € (MATERIAL DEP.)
4º	TROFEO+100 € (MATERIAL DEP.)	TROFEO+100 € (MATERIAL DEP.)	TROFEO+100 € (MATERIAL DEP.)
5º	TROFEO+75 € (MATERIAL DEP.)	TROFEO+75 € (MATERIAL DEP.)	TROFEO+75 € (MATERIAL DEP.)

7.- INFORMACIÓN.

Mais información ou calquera dúbida relacionada coa organización do **III Circuito “CORRE A ESTRADA CORRE”** poderán dirixirse os teléfonos **986.570.030** (horario de mañá), na páxina web www.aestrada.com ou www.emesports.es e no correo electrónico deportes@aestrada.es